

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

*RESOLUCIÓN do 1 de agosto de 2012, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se someten a información pública e audiencia aos interesados os proxectos dos decretos polos que se aproban o Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis* L.) e o Plan de recuperación da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia.*

O sapoconcho común (*Emys orbicularis* L.) e a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* subsp. *lusitanica* Steinbacher) están incluídos na categoría «en perigo de extinción» do Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. De acordo co artigo 15 deste decreto, a catalogación dunha especie implicará a elaboración dun plan de recuperación, para as especies en perigo de extinción, e dun plan de conservación, para as especies vulnerables.

Mediante Resolución do 23 de marzo de 2012 iniciouse a tramitación e sometéronse a participación pública as propostas de decretos dos mencionados plans. Vistas as observacións recibidas neste procedemento, deuse unha nova redacción ás propostas dos proxectos de decreto que agora se tramitan para a súa aprobación. Segundo o artigo 17 do Decreto 88/2007, os documentos elaborados deberán someterse ao trámite de información pública e audiencia aos interesados para que comparezan no expediente, tras a cal se redactará unha proposta de plan, que se elevará ao Consello da Xunta para a súa aprobación mediante decreto.

Por todo o exposto,

RESOLVO:

1. Someter a información pública e audiencia aos interesados as propostas dos seguintes decretos:

- Proxecto de decreto polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis* L.) en Galicia.
- Proxecto de decreto polo que se aproba o plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia.

2. Para os devanditos efectos informativos poranse exemplares dos proxectos dos decretos á disposición dos interesados nas seguintes dependencias:

- Dirección Xeral de Conservación da Natureza-Subdirección Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

- Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

- A Coruña: r/ Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña.

- Lugo: rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo.

- Ourense: rúa do Paseo, 18, 32003 Ourense.

- Pontevedra: rúa Fernández Ladreda, 43, 36003 Pontevedra.

- Así mesmo, poderase consultar o texto da proposta na seguinte páxina web da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

[http://www.cmati.xunta.es/seccion-tema/c/Conservacion?content=Direccion\\_Xeral\\_Conservacion\\_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&std=Plans\\_en\\_tramitacion.html&sub=Especies\\_ameazadas/](http://www.cmati.xunta.es/seccion-tema/c/Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&std=Plans_en_tramitacion.html&sub=Especies_ameazadas/)

3. As alegacións formularanse durante o prazo de corenta e cinco (45) días, que comezarán a contar a partir do seguinte día ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Poderán remitir estas mediante escrito, dirixido á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ao enderezo de correo electrónico [biodiversidade2.cma@xunta.es](mailto:biodiversidade2.cma@xunta.es)

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2012

Ricardo García-Borregón Millán  
Director xeral de Conservación da Natureza